

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2021

Ás 10.00 horas do día 17 de decembro de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular D. Jorge Pumar Tesouro, que emitiu o seu voto por correo.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

1º.- TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO DA RENUNCIA DE DON JOSÉ MIGUEL CARIDE DOMÍNGUEZ AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL.-

O Sr. secretario expón o contido do expediente.

Non se producen intervencións polo que o Pleno da Corporación acorda tomar razón da renuncia do deputado provincial don José Miguel Caride Domínguez, deixándose constancia dela e da solicitude á Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no artigo 206 da LOREX, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

2º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE NOVIEMBRE DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 26 de novembro de 2021.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 26 de novembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

3º.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO NO APARCAMENTO EN TERREOS ANEXOS AO HOSPITAL SANTA MARÍA NAI.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza a súa intervención remitindo un saúdo e os mellores desexos no persoal ao ex deputado provincial Miguel Caride Domínguez. Seguidamente procede a felicitar ao vicepresidente Rosendo Fernández polas negociacións e o traballo realizado para chegar á proposta que agora se debaterá e votará neste pleno, indicando que ela apoiará esta.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza destacando tanto o labor do grupo do goberno como o da oposición neste punto, lembrando que a proposta actual foi mellorada polas preguntas e suxestións realizadas polo grupo do BNG na comisión informativa de Transparencia. Engade que esta proposta supón un avance no bo camiño, se ben contén unha serie de eivas que fan a proposta poida ser mellorada, as cales procede a trasladar neste intre. Así, sinala que bota en falta unha atención á totalidade dos enfermos crónicos que precisarían deste servizo complementario da atención hospitalaria, e que a falla de asociacións podería ser superada desde os propios servizos dos traballadores sociais dos que dispón o SERGAS. Engade que o feito de que as tarifas sexan asumidas ao 100 por 100 pola Deputación e sexan gratuítas para as persoas usuarias, quizás non sexa o máis correcto, e que igual debería terse en conta a capacidade económica das persoas usuarias e que estas aboasen unha parte das tarifas reducidas.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que con esta medida mellorará moito a atención sanitaria que se lles presta aos doentes crónicos aos que vai destinada esta medida, aínda que sexa nese aspecto tanxencial do servizo de aparcamento, polo que o seu grupo votará a favor.

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza lembrando que esta proposta trae a súa causa nunha moción presentada polo grupo socialista e aprobada polo pleno provincial hai once meses, e que esta proposta que agora trae o grupo de goberno leva adiante só en parte as medidas que propuña a moción orixinal e que a consideran insuficiente. Engade que a tramitación ven marcada pola súa dilación no tempo, nada menos que case once meses, e que a proposta debера recoller expresamente a iniciativa do grupo socialista neste asunto, como si fai o informe xurídico pero non o informe técnico que asina o deputado Rosendo Fernández. Indica que noutras cidades e noutras zonas hospitalarias de Galicia existen servizos de aparcamento gratuítos e que Ourense debера aspirar ao mesmo. Seguidamente formula unha serie de dúbidas sobre a proposta do grupo de goberno, como son

porqué razón as solicitudes e tarifas se teñen que canalizar a través da AECC e porqué non pode ser directamente a Deputación a que se encargue, e porqué razón se deixa fóra a moita xente, xa que se formulan un total de 36 bonos para persoas usuarias para cubrir a demanda existente, e existen moitos máis colectivos crónicos que precisan de atención permanente e poderían ser beneficiarios desta tarifa, polo que pregunta cal vai ser o procedemento para ter acceso a estes bonos, cal vai a ser a orde ou prelación, quen as vai informar etcétera. Entende que esta proposta presenta moitas lagoas e que hai certas cuestións que, logo de once meses, están sen resolver. Remata indicando que se trata dunha proposta cunha cobertura mínima, que non alcanza a todos os colectivos que poderían ser beneficiarios (como por exemplo atención temperá, TEA, saúde mental e outros), e na que non queda para nada claro o procedemento de solicitude e concesión para os beneficiarios, e que polo tanto é moi mellorable.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza indicando que nesta proposta hai que facer un agradecemento expreso á empregada pública responsable do servizo de saúde laboral da Deputación xa que realizou moito traballo mantendo reunións con moitas das asociacións existentes. Engade a continuación que a proposta inicial foi emendada tras a comisión informativa polas achegas realizadas polo grupo do BNG, e que a proposta actual recolle unha mellora substancial. Respecto á gratuidade para as persoas usuarias desta tarifa, engade que a moción orixinal do grupo socialista se presentou e foi aprobada nestes termos, polo que a negociación se formulou dese xeito. A continuación diríxese ao voceiro do grupo socialista para indicarlle que está de acordo en que a saúde é un ben básico pero matiza que o servizo de aparcamento gratuito non está incluído na carteira de servizos de ningún sistema de saúde, polo que neste caso se trata dunha prerrogativa que decide aprobar a Deputación Provincial. Engade que esta proposta tratou de recoller aos doentes crónicos que poderían ser potenciais beneficiarios desta medida, e que o procedemento non pode ser dirixirse a traballadores sociais do SERGAS para obter datos, polo que o que fixeron foi acudir ás asociacións representativas destes para obter a información precisa. Así, sinala que se mantiveron reunións coa traballadora social da AEC e co xefe do servizo de oncoloxía do CHUOU, e que outras asociacións como pode ser ALCER indicaron ter xa convenio propio polo que os seus usuarios xa estaban cubertos. Deste xeito a proposta que se formula xurde dunha enquisa que se realizou coa AECC, e do que saen as persoas que desexan ser usuarias deste servizo e destas tarifas, xa que tampouco se pode obrigar a ninguén. Remata indicando

que o señor Villarino actúa con demagogia e intenta facer política nun tema tan sensible como este, e que estamos ante un acordo moi vantaxoso para as persoas usuarias e que se obtivo grazas ao traballo de todos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén para puntualizar que a obtención de información pola Deputación ben podía canalizarse a través da xerencia da área sanitaria, e que o feito de que a tarifa sexa absolutamente gratuíta pode xerar certas disfuncións como poder ser o feito de que as persoas usuarias de ALCER paguen unha pequena cantidade, e as da AECC non, polo que un sistema de pagamento que teña en conta a capacidade económica das persoas usuarias permitiría ampliar o número destas. Remata agardando que este servizo se poida ir mellorando e ampliando no sucesivo coas achegas de todos.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza esta intervención dirixíndose ao voceiro do grupo popular para indicarlle que o único mérito que podería atribuírse é o dunha negociación falida, lembrando que o único grupo que trouxo propostas e está pleno en prol da gratuidade do aparcamento do CHUOU foi o grupo socialista. Engade que o expediente ademais está cheo de emendas e de correccións de erros en aspectos como as cantidades ou o período de vixencia. Sobre a afirmación da non obrigatoriedade de que o servizo de aparcamento sexa gratuíto, amósase conforme, pero indica que outras administracións como o concello de Vigo ou o concello de Lugo estanse facendo cargo, xa que estamos ante AAPP que se preocupan e que amosan vontade política nesta cuestión, cousa que non fai o partido popular. A continuación sinala que moitas das preguntas que fixo na súa primeira quenda de intervención quedaron sen contestar, como son a posibilidade de estender a medida a outro tipo de pacientes crónicos máis aló dos oncolóxicos, ou o procedemento de adhesión e concesión dos bonos ás persoas usuarias, ou porqué razón non se chega a un acordo entre AAPP directamente co SERGAS para canalizar este asunto. Remata sinalando que neste asunto, como en moitos outros, o partido popular fai súa unha iniciativa política doutro grupo da oposición e preséntase ante a cidadanía como o valedor desta, e todo isto sen ningún tipo de diálogo ou acordo co grupo propoñente, e que neste caso concreto estamos diante dunha tramitación pésima do expediente administrativo e cun resultado insuficiente, polo que entende que o grupo de goberno non negociou ben coa empresa concesionaria.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza indicando que a tramitación do expediente é bastante doada de entender, se se quere, e que a emenda de modificación trae

causa da observación realizada na comisión informativa polo grupo do BNG e que supón unha mellora da proposta orixinal, e a proposta de corrección de erros unicamente corrixe un erro existente na cantidade de canon a aboar polo contratista, e todo isto con antelación suficiente á realización desta sesión. Engade que isto foi suficiente para que o señor Villarino afirme que o expediente administrativo está mal, e para retorcer e facer política nun asunto tan sensible e tan importante para as persoas usuarias deste servizo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación o ditame coas emendas tratadas no debate, e co voto favorable do Grupo Popular (12, co voto a distancia de don Jorge Pumar), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1) Acordar a oferta de 36 de prazas do servizo de estacionamento de vehículos nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai para os **enfermos crónicos**, nos termos que se indican:

- *Cantidade: 36 bonos mensuais.*
- *Duración: 50 horas – mensuais.*
- *Deseño: Tickets personalizados co logo de AECC.*
- *Custo: 29 € unidade/mes.*
- *Duración do contrato: 12 meses.*
- *Disporán de 4 prazas reservadas – con rotulo personalizado.*

2) Acordar a **redución do canon concesional correspondente ao exercicio **2022** a aboar pola empresa concesionaria, que ascende a **13.847,50 euros**.**

3) O acordo entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022 e terá duración de un ano.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DE TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Jorge Pumar), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Nogueira de Ramuín a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 17 de novembro de 2021, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (I.B.I.)
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (I.V.T.M.)
- Imposto de bens inmobles de características especiais (IBI-BICES)
- Taxa pola entrada e saída de vehículos a través de beirarrúas e espazos públicos (Vaos)

Nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Nogueira de Ramuín, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial

de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- CAMBIO DE TITULARIDADE, A FAVOR DO CONCELLO DE ALLARIZ, DE TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS.-

O Sr. presidente anuncia que o debate deste punto terá lugar conxuntamente cos puntos 6º, 7º, e 8º e cédelle a palabra ao Sr. secretario para que expoña o seu contido.

O Sr. secretario dá conta dos diferentes ditames favorables da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Toma a palabra para sinalar que estamos ante treitos de estradas de carácter urbano, que todos eles contan coa conformidade dos respectivos concellos, e que estas cesións tenden a mellorar a xestión e mantemento destes viarios, polo que votarán a favor das catro propostas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello de Allariz (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89

OU-0152	Allariz (OU-320) - Allariz (N-525)	0+000	599.152, 4.671.355	1+100	599.963, 4.671.657
---------	---------------------------------------	-------	--------------------	-------	--------------------

Segundo: Solicitar a conformidade do referido concello para a tramitación do cambio de titularidade, de estar de acordo coa proposta, consonte co previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e o artigo 18 do seu regulamento.

Terceiro: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as Administracións intervenientes.

Cuarto: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

6º.- CAMBIO DE TITULARIDADE, A FAVOR DO CONCELLO DO CARBALLIÑO, DE TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 5,º 7º e 8º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello do Carballiño (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89
OU-0460	Travesía do Carballiño	0+000	575.667, 4.697.899	0+598	575.157, 4.698.199

Segundo: Solicitar a conformidade do referido concello para a tramitación do cambio de titularidade, de estar de acordo coa proposta, consonte co previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e o artigo 18 do seu regulamento.

Terceiro: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses

seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as Administracións intervinientes.

Cuarto: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

7º.- CAMBIO DE TITULARIDADE, A FAVOR DO CONCELLO DE OURENSE, DE TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 5,º 6º e 8º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello de Ourense (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89
OU-0568	Rúa Quintián - Alejandro Pedrosa (OU-0526)	0+000	592.675, 4.689.537	1+140	593.151, 4.690.087
OU-0526	Ourense (OU-0551) - Amoeiro (OU- 0524)	0+000	593.151, 4.690.087	0+507	593.049, 4.690.515

Segundo: Solicitar a conformidade do referido concello para a tramitación do cambio de titularidade, de estar de acordo coa proposta, consonte co previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e o artigo 18 do seu regulamento.

Terceiro: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as administracións intervinientes.

Cuarto: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

8º.- CAMBIO DE TITULARIDADE, A FAVOR DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA, DE TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 5,º 6º e 7º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello de Xinzo de Limia (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89
OU-1102	Xinzo (N-525) – Vilar de Barrio	0+000	605.715, 4.657.726	0+310	605.940, 4.657.947

Segundo: Solicitar a conformidade do referido concello para a tramitación do cambio de titularidade, de estar de acordo coa proposta, consonte co previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e o artigo 18 do seu regulamento.

Terceiro: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as administracións intervinientes.

Cuarto: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

9º.- CAMBIO DO MODO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. presidente anuncia que este punto se debaterá conxuntamente co punto 10º, e a votación será por separado, e cédelle a palabra ao Sr. secretario para que expoña o seu contido.

O Sr. secretario expón o contido dos ditames favorables da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza a súa intervención sinalando que procedeu a ler con detalle tanto o informe elaborado pola área de medio ambiente da

Deputación, como a documentación elaborada pola empresa consultora, e que xa na comisión informativa trasladou que na súa opinión este servizo debe seguir sendo público e de xestión pública xa que é ben valorado pola veciñanza e polos concellos da provincia. Dito isto, sinala que o informe recolle datos absolutamente preocupantes e que nos desvían dos obxectivos marcados pola Unión Europea e pola boa conservación do noso planeta e da nosa provincia. Estes datos son que a recollida por habitante no ano 2010 era 303 kg/habitante e no ano 2020 é de 381 kg/habitante, é dicir, un incremento do 25 %, e cando a UE indica que en 2025 hai que reducir nun 15 % a cantidade de lixo xerada no ano 2010. Outro dato que se recolle é que, sendo xenerosos, estaríamos ante un 11,5 % de reciclaxe do lixo producido, fronte un 50 % que requiría a UE xa para o pasado ano 2020. Todo isto debera levarnos a reflexionar e reclamar das AAPP superiores, que son o Estado e a Xunta de Galicia, políticas activas neste eido para tentar mudar esta situación. Continúa dicindo que a Deputación recolle a día de hoxe o lixo nun terzo do total da poboación da provincia de Ourense, en torno a 109.000,00 habitantes en todas as súas fraccións de residuos, polo que este asunto vai afectar a unha parte moi importante dos e das ourensáns. Nas consideración técnicas indícase que o tratamento dos residuos se considera resolto polo modelo SOGAMA, se ben entende que esta afirmación non debe empregarse, senón que o correcto sería dicir que o tratamento dos residuos o asume SOGAMA, pero que resolto non está, sobre todo cando a porcentaxe de residuos reciclados é tan pequena, xa que SOGAMA incumpe reiteradamente a normativa da UE e non ten en conta aos concellos menos poboados e coa poboación dispersa como os desta provincia, como pode ser na xestión do Forsu e da materia orgánica. O informe distingue entre eficacia e eficiencia, e que sendo verdade que ao mellor temos un exceso de contedores, o que non podemos pretender é que os contedores estean como en Castela, xa que aquí a existencia de numerosos núcleos de poboación fan inaplicable esta medida, e incide en que en Galicia e en Ourense debéramos ter un convenio distinto, por exemplo con Ecoembes e outras entidades. Sinala que o propio informe recolle a ausencia de políticas de redución e reutilización dos residuos, que aínda que recoñece que superan o ámbito da Deputación, débese incidir nela. A proposta de carga lateral entende que é lóxica, se ben aplicable a poucos concellos e entende que o investimento previsto no parque móbil e contenerización en torno aos oito millóns de euros é a xustificación para proceder á privatización do servizo. Engade que resulta chocante que tendo en conta o pago do IVE e o beneficio industrial, non sexamos capaces de facer desde a Deputación unha xestión vantaxosa fronte o sector privado. O informe técnico fala

dun custo superior do modo de xestión indirecta en torno a un 6,5 %, o que non se entende moi ben co incremento do IVE e do beneficio industrial, polo que agarda que isto non supoña perda na prestación do servizo. Tamén chama a atención que as políticas de concienciación sobre a fracción Forsu sexan só de 50.000,00 €, cantidade que considera moi cativa. Outro apartado fundamental é a parte dos traballadores e a súa transferencia á empresa adjudicataria, e manifesta que ten moitísimas dúbidas de que o servizo non vai a máis barato, indicando que seguro que non, pero tampouco nin máis eficiente nin con maior capacidade na toma de decisións pola Deputación, polo que o seu grupo non vai apoiar esta proposta do grupo de goberno.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que dez anos despois, volvemos estar debatendo o mesmo nesta Deputación, e o grave é que non somos capaces de comprender na provincia na que estamos e cando se valora positivamente un servizo, e que hai un grupo, que é o grupo socialista, que non cambia nunca de discurso neste punto. No seu momento, a creación deste servizo vendeuse como un gran logro, e que logo de varios anos medrando e mellorando, este presidente entrou coa teima de privatizar un servizo tan importante, cousa que xa tentou hai dez anos, e que se conseguiu frear co traballo do partido socialista e coa propia abstención de varios alcaldes e alcaldesas do partido popular. Sinala que a motivación política dos grupos segue a ser moi similar, e o grupo socialista mantén que a privatización do servizo non vai ser boa para esta provincia. Sinala que o curioso desta situación é que o grupo de goberno quere privatizar un servizo que é unha competencia delegada polos concellos na Deputación, e que se financia coas taxas que pagan os veciños e veciñas dos diferentes concellos; é dicir, pretender facer negocio co que se recada nos concellos. Ademais disto, non se fala cos máis dos oitenta traballadores afectados, e pretendemos mandalos a unha empresa privada, esquecendo o seu importante traballo por exemplo durante a pandemia. Insiste en que é moi rechamante que se volva intentar esta privatización sen falar cos grupos maioritarios desta Deputación e que contan con alcaldes ou alcaldesas que representan a máis da metade da poboación afectada por este servizo que presta a Deputación por delegación dos propios concellos. Pregunta entón que vai pasar se os concellos gobernados polo partido socialista deciden retirar a delegación de competencias neste servizo, xa que é dos poucos servizos que se tivera máis inversión pública, se repartiría de forma equitativa e xusta entre os concellos da provincia. Engade que o propio informe da área de medio ambiente recolle que nos últimos anos se reduciu nun 3 % o número de

usuarios deste servizo e incrementouse nun 5 % o número de contedores, pero que quedamos máis maiores e máis dispersos, e que non se cree que ningún alcalde ou alcaldesa vai reducir o número de contedores, con menos traballadores, polo que imos ter un servizo máis caro, xestionado por unha empresa privada e de peor servizo. Remata indicando que no concello de Ribadavia, cando se puxo este servizo en marcha pola Deputación e gobernando no concello o partido socialista, o grupo popular da oposición pediu que este servizo que o concello xestionaba indirectamente a través dunha empresa, pasase a ser público e delegado na Deputación, e así se acordou nese concello xa que se consideraba que non había incremento de custos e que unha administración defende mellor os intereses públicos e o interese xeral na xestión do servizo, polo que indica que o paso deste servizo ao sector privado vai traer, con total seguridade, un incremento de custos e unha mingua na calidade do servizo.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza a súa intervención indicando que lle chama a atención que o voceiro socialista pida unha mellora e máis investimento público neste servizo, cando o concello de Ribadavia debe un ano e un trimestre da liquidación deste servizo delegado, polo que entende que o resto dos concellos e a propia Deputación están asumindo unha débeda que non lles corresponde. Sinala que neste expediente fixéronse as cousas ben e con total transparencia, entregándose toda a documentación e con moita antelación, e que todos os informes que conforman o expediente son todos favorables. Engade que estamos debatendo precisamente este asunto, que é o que temos que facer, para coñecer a realidade que temos e a realidade á que queremos ir, que é ter un servizo propio do século XXI, con melloras tecnolóxicas, que nos van permitir ter un servizo máis eficiente e eficaz, e con menos custo. Engade que se prevé un cambio na contenerización, sobre todo no ámbito urbano, onde se implantará a carga lateral ou bilateral, coas vantaxes que supón. Indica que os 55 alcaldes e alcaldesas que teñen a representación dos concellos que teñen o servizo integramente delegado na Deputación, estiveron convocados ás reunións das respectivas comisións de seguimento, dos cales asistiron 47 concellos, e deles 40 votaron a favor e 6 se abstiveron e tan só un concello votou en contra desta proposta. Ante iso, o grupo socialista o que fai é sacar unha nota de prensa coa que terxiversa o informe da área de medio ambiente da Deputación, indicando que este fala do estado calamitoso do servizo, cando non é así, e esta falacia deberían explicarlle ao director da área de medio ambiente que asina o informe. Engade que con esta medida do cambio do modo de xestión se vai mellorar seguro a calidade do servizo e se vai profundar, por exemplo, nas campañas de sensibilización, na mellora da

recollida con investimentos tecnolóxicos e que todo isto vai redundar na mellora do servizo. Todo isto tenta que esta Deputación poida acadar o cumprimento da normativa, cada vez máis rigorosa, da UE, sobre todo no relativo á recollida e ao traslado dos residuos. Por último indica que en todo caso as contas se deben facer tendo en conta que o IVE aplicable é o 10 % e non o 21 %, como se indicou durante o debate por algún voceiro da oposición.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda sinala que leu todos os informes que constan no expediente, incluídos os de secretaría e intervención, e que eses informes non se pronuncian sobre cal debe ser o modo de xestión, senón que se pronuncian sobre cales son as opcións viables, tanto dentro da xestión directa como da indirecta. Engade que o que estamos tramitando hoxe é que a Deputación, que presta un servizo delegado polos concellos, poida privatizar este servizo público, cando ao mellor os concellos o que se formulan é que para privatizar o servizo prefiren facelo eles por si mesmos, xa que así polo menos terían certo control sobre a concesión. Sobre a cuestión dos traballadores afectados sinala que lle sorprende que o grupo de goberno non teña feito aínda ningunha xestión ao respecto, e lembra que hai dez anos no anterior intento de privatización, foi unha demanda da CIG a que freou o expediente administrativo. Insiste en que as empresas privadas non lles veñen facer favores ás AAPP senón para establecer liñas de negocios e obter beneficios, e engade que este cambio da privatización non é o máis óptimo para a xestión deste servizo provincial delegado polos concellos.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o voceiro do grupo popular, que ven defender un asunto de tanta importancia cunha incompetencia manifesta, dicindo parvadas e insultando, permítese dicir durante o debate que o concello de Ribadavia debe os cartos do lixo e que así fai negocio calquera, cando a Deputación lle debe máis cartos ao concello de Ribadavia que ao revés, e que ao mellor por dicir esa falacia ten que responder noutro lugar. Indícalle ademais que este debate é moi importante como para facer alusións a cuestións persoais e orgánicas do partido socialista, e que o que sucede e que os deputados e deputadas socialistas poden decidir libremente o seu destino político, non como o voceiro do partido popular, que non é máis que un enchufado el e parte da súa familia, polo que lle pide que teña respecto. A continuación indica que as comisións territoriais do lixo se realizaron a través do sistema de videoconferencia e con pouca antelación para estudar a documentación, e que non se lles facilitou ningún tipo de información aos traballadores afectados, xa que non lle importan “un rábano”, cando o que debería facer é explicarllo á cara,

como por exemplo si fixo o grupo socialista reuníndose co comité de empresa. Engade que unha privatización non pode resolverse nun expediente de dez días, e que deberían ter falado con calma con todos os grupos provinciais e cos concellos afectados, que teñen dereito a ter unha opinión formada sobre un asunto tan transcendente. Remata indicando que, se isto sae adiante, imos ter un servizo máis caro e de peor calidade, e que se algún grupo político respectou sempre e defendeu o traballo do director da área de medio ambiente foi o grupo socialista e non o grupo de goberno.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Diríxese ao voceiro socialista para indicarlle que botou máis de tres minutos falando de asuntos que nada teñen que ver con este expediente, o que é unha mostra da importancia que lle dá. A continuación sinala que os trámites deben facerse por orde, e que este modelo de xestión xa viña recollido no programa electoral do partido popular para este mandato e no anterior, e que non se pode pasar nunca por enriba da corporación e do pleno, polo que as conversas na mesa xeral de negociación só poden ter lugar cando o pleno decida sobre o cambio do modo de xestión, pero non antes, sen prexuízo de que xa se mantiveron conversas informais co comité de empresa. Insiste en que os concellos teñen liberdade absoluta para retirar a delegación do servizo, como xa tiñan antes, e que en todo caso se vai redactar un prego de licitación moi esixente que redunde nunha mellora na prestación deste servizo, máis eficiente e económico no transcurso do tempo. O modelo de xestión que se propón é empregado por moitos concellos medianos e grandes, moitos gobernados polo partido socialista, e que o servizo vai continuar sendo público pero de xestión privada, conservando a administración as facultades de vixilancia e control, e que vai ser un servizo mellor, máis eficiente, con melloras tecnolóxicas e que non lle vai ser máis caro aos usuarios do servizo desta Deputación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Jorge Pumar), de DO (1) e da deputada non adscrita, e o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Considerar que a forma máis adecuada para a prestación do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, polos motivos acreditados no expediente de referencia, é a

de xestión indirecta, a cal deberá prestarse a través das formas previstas na Lei 9/2017 de Contratos do sector público: contrato de servizos con prestación directa a favor da cidadanía, ou contrato de concesión de servizos.

2º. Aprobar inicialmente a modificación do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, pasando de xestión directa a xestión indirecta, de acordo coa memoria xustificativa incorporada ao expediente.

3º. Someter o presente acordo de aprobación inicial a un trámite de información pública por un prazo de vinte (20) días hábiles, en cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

10º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DE RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS XESTIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE POR DELEGACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

O debate deste punto tivo lugar co do punto 9º.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo I da vixente da ordenanza reguladora do servizo intermunicipal de recollida de residuos urbanos xestionado pola Deputación Provincial de Ourense por delegación dos concellos da provincia no seguinte teor:

ANEXO I- Ámbito de aplicación da Ordenanza Provincial de Ourense de Recollida de Residuos.

I.a- Aplicación íntegra:

1. Amoeiro
2. Avión
3. Baltar
4. Bande
5. Beariz
6. Blancos, Os
7. Boborás

8. Bola, A
9. Bolo, O
10. Calvos de Randín
11. Carballeda de Valdeorras
12. Carballiño, O
13. Castrelo de Miño
14. Castro Caldelas
15. Chandrexa de Queixa
16. Coles
17. Entrimo
18. Gudiña, A
19. Irixo, O
20. Larouco
21. Lobeira
22. Lobios
23. Maceda
24. Manzaneda
25. Montederramo
26. Muíños
27. Padrenda
28. Pereiro de Aguiar
29. Peroxa, A
30. Petín
31. Pobra de Trives
32. Porqueira
33. Punxín
34. Rairiz de Veiga
35. Ribadavia
36. Riós
37. Rúa, A
38. Rubiá
39. San Amaro
40. San Cibrao das Viñas
41. San Cristovo de Cea
42. San Xoán de Río
43. Sandiás
44. Sarreaus
45. Taboadela
46. Teixeira, A
47. Toén
48. Trasmiras
49. Veiga, A
50. Viana do Bolo
51. Vilamarín
52. Vilamartín de Valdeorras
53. Vilar de Barrio
54. Vilariño de Conso
55. Xinzo de Limia

I.b- Aplicación parcial, relativa á recollida ordinaria separada (fraccións de recollida selectiva) de residuos de competencia municipal delegada na Deputación provincial de Ourense:

I.b.1-Recollida ordinaria separada e de proximidade:

I.b.1.1- Envases lixeiros:

1. Baños de Molgas
2. Castrelo do Val
3. Cualedro
4. Esgos
5. Laza
6. Maside
7. Melón
8. Mezquita, A
9. Monterrei
10. Nogueira de Ramuín
11. Oímbra
12. Paderne de Allariz
13. Parada de Sil
14. Verín
15. Vilardevós
16. Xunqueira de Ambía
17. Xunqueira de Espadañedo

I.b.1.2- Papel-cartón

1. Allariz
2. Cualedro
3. Maside
4. Melón
5. Mezquita, A
6. Vilar de Santos

I.b.1.3- Vidro

1. Castrelo do Val
2. Cualedro
3. Laza
4. Maside
5. Melón
6. Mezquita, A
7. Monterrei
8. Oímbra
9. Vilardevós

I.b.2-Recollida ordinaria separada en puntos limpos (fixos ou móbiles):

1. Castrelo do Val
2. Cualedro
3. Laza
4. Mezquita, A
5. Monterrei

6. Oímbra
7. Verín
8. Vilar de Santos
9. Vilardevós

2º.- Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación, todo isto de conformidade co previsto no artigo 17 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

11º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES E DE CUMPRIR OS SEUS FINS ESTATUTARIOS.-

Trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para sinalar que chama a atención que nunha rede de cidades, vaia estar a Deputación e non estea por exemplo a cidade de Ourense, se ben é certo que o regulamento desta organización si permite que se poidan adherir todas as EELL. Os obxectivos desta rede son loables e indica que a postura do seu grupo vai ser a abstención, xa que entende que a presenza na rede debería ser máis propia das cidades e das vilas da provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

1º.- O Pleno da Corporación Provincial da DPO aproba a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Rede Española de Cidades Saudables e cumprir os seus fins estatutarios, e en consecuencia, comprométese a:

- a. Ter elaborado unha análise de situación e un plan de saúde para a provincia, ou o compromiso de elaboralo.

b. Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos establecidos nos artigos 8, 14 e 15 das Normas de Funcionamento e Organización da Rede Española de Cidades Saudables e, especialmente, a de aboarlle á FEMP a cota de socio titular da Rede que cada ano lle corresponda a esta entidade local en función do número dos seus habitantes, e que no presente exercicio ascende a tres mil euros (3000,00 €).

2º.- Encomendarlle a representación da DPO ao presidente da DPO ou ao deputado/a provincial da Corporación en quen este delegue, e a representación técnica á directora da área de Infraestruturas da DPO, Marta Docampo González, ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

3º.- Que pola Presidencia se realicen todos os trámites oportunos para que a adhesión de da DPO á Rede Española de Cidades Saudables sexa efectiva.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE SOLICITUDE Á REAL ACADEMIA GALEGA PARA DEDICARLLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DE 2023 A ANTÓN TOVAR BOBILLO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención dando lectura á moción, onde se recolle que Antón Tovar Bobillo foi o poeta galego intimista e de fonda preocupación social máis importante da segunda metade do século XX. Este ano celebramos o centenario do seu nacemento na localidade da Pereira, no concello ourensán de Rairiz de Veiga. Faleceu na cidade de Ourense o 16 de xuño de 2004, cumpríndose tamén actualmente os 17 anos do seu pasamento. Tovar Bobillo escribiu en lingua castelá e lingua galega e foi encadrado na denominada “promoción de enlace”. O poeta amaba Galicia e amaba profundamente a súa aldea da Pereira, onde pasou os momentos máis felices na súa infancia. A súa obra, que é profundamente existencialista, pon o foco especialmente na procura de Deus, na procura de respostas ante a vida ou no tormento da súa alma. Quedaron patentes nos seus escritos e nas súas obras o sentimento poético sincero e o intimismo e a fonda preocupación social que marcaron amplamente a súa traxectoria literaria, converténdose nun dos poetas máis relevantes en lingua galega do pasado século. Tamén foi membro correspondente e de honra da Real Academia Galega (RAG). A súa prolixa obra abarca varios estilos como os relatos curtos, os diarios e o ensaio, pero foi principalmente poética. Escribiu indistintamente en galego e en castelán e a súa produción quedou recollida, entre outras, en obras en castelán como *El tren y las cosas* e *La Lanzada*, pero sobre todo nos seus libros escritos e publicados en galego. Neste ámbito destacan *Arredores* (1962), *Non*

(1967), *Calados Esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990), *A nada destemida* (1991) ou *Diario íntimo de un vello revoltado*, publicado no ano 2001. Igualmente promulgou algunhas pequenas colaboracións na prensa e nalgúns revistas. En 1942 gañou a oposición a Contador do Estado e exerceu como funcionario do Ministerio da Facenda ata o ano 1967, no que foi expulsado deste corpo pola súa militancia política. A partir desta época traballou na histórica librería Tanco da capital ourensá, onde exerceu como responsable do inventario e asesor de edicións. Diversas fontes que estudaron a súa vida e obra relatan que en Tanco estableceu relación con outras importantes figuras como Vicente Risco, Xesús Ferro Couselo e Xosé Luis López Cid. Nesta etapa tamén tivo acceso a libros prohibidos pola ditadura. Nos anos 2018 e 2020 xa houbo municipios da provincia de Ourense como Xinzo de Limia nos que se aprobou por unanimidade de toda a corporación, un recoñecemento a súa vida e obra, así como solicitar á Real Academia Galega dedicar o Día das Letras Galegas a Antón Tovar Bobillo. Polo tanto, cremos que é momento de que a Deputación Provincial de Ourense tamén se posicione en favor do necesario recoñecemento dun dos escritores ourensáns máis relevantes das últimas décadas. Desde o PSdeG-PSOE defendemos, unha vez máis, que neste ano do centenario do seu nacemento, este ilustre literato ten méritos dabondo para que a Real Academia Galega lle dedique o Día das Letras Galegas do ano 2023. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: Instar á Deputación Provincial de Ourense a solicitar á Real Academia Galega (RAG) que lle dedique o Día das Letras Galegas do ano 2023 ao escritor ourensán Antón Tovar Bobillo, e instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que dea difusión, a través de todos os medios cos que conta a institución, da candidatura de Antón Tovar Bobillo para que lle sexa concedido o Día das Letras Galegas de 2023. Por último engade un terceiro punto ás propostas de acordo da moción orixinal, no senso de instar á Deputación Provincial de Ourense a que leve a cabo os trámites necesarios, conxuntamente coa Xunta de Galicia e o Concello de Rairiz de Veiga, ante os herdeiros, para crear o Museo de Antón Tovar na súa casa da Pereira.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para sinalar que comparte totalmente o texto da moción e as súas propostas, polo que votará favor dela.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Aмосa a súa total conformidade con esta iniciativa política, e agarda que se lle dea a homenaxe do día das letras galegas no ano que se cumpre o centenario do seu nacemento. Amósase igual totalmente conforme co terceiro punto da proposta de acordo que introduce o grupo socialista na súa moción orixinal.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Considera esta proposta como moi acaída, e que este nome xa se mencionara no debate sobre a moción relativa a Florencio Delgado Gurriarán. Sobre a adición á moción, entende que ten unha natureza totalmente diferente e que quizás fora mellor tratala nun punto independente, se ben aínda así votará a favor da proposta do grupo socialista.
- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Sinala que o grupo popular vai votar a favor tanto da proposta de acordo orixinal como da adición introducida no pleno polo grupo propoñente, e que considera que Antón Tovar ten os méritos necesarios para ser merecente desta homenaxe.
- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para agradecer o voto favorable de todos os grupos políticos a esta moción do grupo socialista.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, engadíndolle un punto 3º que xurdiu no debate, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a solicitarlle á Real Academia Galega (RAG) que lle dedique o Día das Letras Galegas do ano 2023 ao escritor ourensán Antón Tovar Bobillo.
- 2.- Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que dea difusión, a través de todos os medios cos que conta a institución, da candidatura de Antón Tovar Bobillo para que lle sexa concedido o Día das Letras Galegas de 2023.
- 3.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que leve a cabo os trámites necesarios, conxuntamente coa Xunta de Galicia e o Concello de Rairiz de Veiga, ante os herdeiros, para crear o Museo de Antón Tovar na súa casa da Pereira.

13º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DOS PRODUTORES DO SECTOR PRIMARIO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Procede a dar lectura a súa moción na que se indica que desde que Feijóo goberna en Galicia pecharon a metade das explotacións lácteas en Galiza: en 2008 había 13.349 explotacións lácteas en Galiza, hoxe hai 6.540 e 17.400 empregos menos. Este dato serve de pequena mostra das “non políticas” levadas adiante pola Xunta de Galiza e o seus resultados no sector agrogandeiro. Delas unha ínfima parte na Provincia de Ourense, onde chegou a existir unha importante industria transformadora. As 6.540 explotacións lácteas que aínda quedan neste País, aínda constitúen o maior produtor de leite do Estado co 39,1% do total de entregas e producindo o 45% do leite de todo o Estado, moi lonxe da inmediata seguidora Castela e León cun 12,5% de entregas (observatorio da Cadea Alimentaria 2021). Porén corren serio perigo de peche. Un produto de superior calidade, cun medio de produción baseado na superficie agraria que en boa medida sustenta a alimentación e dá espazo á cabana gandeira. Aínda así, boa parte deste sector amosa unha dependencia perigosa dos insumos esóxenos que na volatilidade dos seus prezos, periodicamente, someten a duras probas a viabilidade destas explotacións. A esta volatilidade hai que sumar que nestes tempos a suba e abuso dos oligopolios das eléctricas e dos combustíbeis fan insostíbel a situación. A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria no prezo final do produto, para estes custes de produción. Tal suba, tímida, xa se deu, mais non repercutiu no/a produtor/a e seguimos igual. A situación mantívose no tempo porque moitas explotacións teñen contratos anuais para pensos, electricidade e mesmo combustíbel, mais chegado o 1 de xaneiro o conto muda. Todo isto acontece fronte á impasibilidade dos gobernos da Xunta e do Estado. O da Xunta coa súa teimosa negativa a actuar de árbitro ou intermediario “...o mercado manda...” “...a lei prohibeo...”. E o goberno do Estado lava as mans como Pilatos logo de facer unha burla de lei chamada da Cadea Alimentaria, aprobada polo Ministerio de Agricultura que, teoricamente, obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos”. Claro que posta a obriga non establece mecanismos para fixar obxectivamente tales custes de produción. Podemos identificar tres graves ameazas para viabilidade de moitas explotacións : os prezos baixos que a industria está pagando a gandeiros e gandeiras, sen esquecer os contratos con cláusula mafiosas que se ven obrigados a asinar polas cales as os produtores deben asumir os prezos que lle cubra os custe de produción sen denuncia posible porque o prezo é “confidencial” por contrato; os incrementos dos prezos de produción e a práctica das cadeas de distribución de vender a perdas utilizando o leite e a carne de polo como produto de reclamo. O conto é serio pois a suba de materias primas como a

solla, a colza, ou a fariña de millo, que subiron un 50% no último ano, os abonos de síntese, o gasóleo agrícola que pasou de 55 a 85 céntimos ou o recibo da luz, con incrementos de máis do 50% están a reducir a escasa marxe coa que traballaban as explotacións gandeiras. Nun cálculo serio estes elementos condicionan o 60% dos custes de produción, e estes móvense nun abano de 30 a 40 cts si collemos o exemplo do leite, polo que cun incremento dun 30% destes custes temos o litro de leite entre 5 e 8 cts máis caro. E non esquezamos que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galiza e que ve ameazado neste momento a súa viabilidade. A nosa gandaría agoniza na Galiza no marco dunha encrucillada sen precedentes e temos que ser capaces de revertelas condicións da ameaza da actual pandemia da Covid-19 e a transición cara o novo programa de desenvolvemento rural 2021-2027 para transformala nunha oportunidade de remuda e posicionamento fronte os enormes retos que nos depara o futuro próximo. Cando a produción de proximidade se está a manifestar como determinante outros moitos sectores, como o da automoción, onde a dependencia de elementos da cadea de produción producidos no exterior provocan a paralización do sector imaxínense esta dinámica no sector alimentario. Mellor case non pensalo. O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco subsectores gandeiros máis importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cunícola e o ovino e cabrún. Os sectores da carne, curiosamente os diferenciados por un manexo extensivo do gando, tanto de vacún coma de ovino e cabrún están a padecer especialmente un problema cos prezos, e reclaman medidas urxentes por parte da administración pública. A caída nas vendas fai que becerros, años e cabritos en idade óptima de consumo continúen nas explotacións máis tempo do normal, ocasionando gastos extraordinarios non previstos na propia manutención e manexo, sen que estes gastos se vexan compensados co seu crecemento, sendo a incerteza no mercado unha arma para a especulación cos prezos en orixe por parte da distribución na marco da cadea agroalimentaria. O sector produtor de carne de vacún no noso país conta con arredor de 20.000 granxas, tendo moi importante presenza en zonas desfavorecidas e de montaña coma actividade económica case única e elemento esencial para a vertebración, xestión e ordenación do territorio. Botemos unha ollada aos lumes que ano tras ano asolan sistematicamente comarcas abandonadas de Ourense e razoemos sobre este feito e o

despoboamento e valoremos na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas e de montaña. A pesar da recoñecida calidade das nosas carnes, téñense apreciado descensos moi acusados tano en Tenreira Galega Suprema coma en Tenreira Galega normal. Se os matadoiros non sacrifican os xatos de cebo, as gandeiras e gandeiros non perciben os ingresos correspondentes, o que provoca unha acumulación de animais nas granxas, non podendo ser vendidos no tempo correspondente. Esta situación afecta tanto ás explotacións cárnicas como lácteas, pola baixada de prezos das vacas de desvelle, dos xatos de recría como de consumo, o que está a provocar unhas perdas considerables, que acrecentan as dificultades de moitas ganderías galegas. No caso das vacas de desvelle a caída rolda o 50%. Esta produción cárnica é a principal actividade económica de moitas comarcas do país como como as zonas dos Ancares, Fonsagrada, Comarca de Sarria, a Terra Chá, o Courel ou Macizo Central de Ourense. Dalgunhas case que podemos dicir que é a única, e no caso de desaparecer, viría acrecentalo problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico coma o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da produción e fornecemento de alimentos para a sociedade e da recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da produción como na do consumo. A industria e distribución, unha vez máis, aproveitaron as circunstancias en beneficio propio. Vai sendo hora que a Administración revise á alza os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custes de produción establecendo os prezos mínimos e garantindo así o cumprimento da lei. O coronavirus está a ser utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeneralizada dos prezos e convertendo en crónica esta caída provocada pola Covid-19 nun sector tractor. Son vitais as axudas inmediatas ao sector da carne para manter operativas estas explotacións mentres non se normaliza o mercado. Pero axudas que realmente sexan reais e efectivas e non a parodia representada coas axudas excepcionais convocadas para compensar as perdas provocadas polo confinamento da Covid-19 nos sector ovino e cabrún. O sector avícola, un sector tan importante nesta provincia enfróntase a fortes perdas, tanto nos polos como nos pavos, cun forte encarecemento en todos os seus inputs, especialmente no coste dos concentrados que no caso dos pavos chega a 1,10 en 2021 por 1,29 euros\ Kg do 2020. E a isto debese sumar o custe da enerxía eléctrica, que posou dunha media anual en 2020 de 34,0€/MWh a multiplicarse por 6 e 7 en 2021, cun prezo medio anual maiorista por enriba dos 200€/MWh. Na produción avícola estándar (granxa e procesado de aves) supón un incremento de custes de máis de

0,05€/kg de ave. Mentres, o prezo de venda ao consumidor pasou dos 1,82 euros/Kg no 2020 a 1,52 no 2021, un 16% menos. Chegando a producirse denuncias no caso da carne de polo pola venda a perdas nas grandes áreas comerciais, como produto reclamo, sen importar en absoluto as consecuencias para os produtores e o incumprimento flagrante da legalidade vixente, mentres as Administracións competentes se manteñen á marxe. Outro sector prioritario na provincia é sen dúbida o porcino, este padece o fenómeno coñecido como espellismo chinés. Un forte incremento das vendas e dos prezos, derivados da presenza da peste porcina no continente asiático. Porén a mingua repentina dese mercado pasou, por pór un exemplo, no caso dos leitóns, a reducirse dos 70 euros aos 21 no prezo de venda, mentres o incremento de custes fixo que os prezos de produción chegaran aos 45 euros por unidade cunha perda de 24 euros. No caso do sector ovino e cabrún a situación é máis dramática, xa que ao agravante de poñer en marcha unha axuda específica sen ningún efecto, hai que engadir a estacionalidade das producións e a tremenda dependencia doutros sectores e os intentos falidos de outras vías de comercialización da Xunta que serviron en bandexa ao sector a cadeas depredadoras que se aproveitaron para impoñer prezos abusivos de ata o 25% máis baixos que en períodos anteriores. É preciso que a Consellería de Medio Rural se apoie nas armas legislativas existentes ou en tramitación, como a Lei pola que se modifica a Lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para melloralo funcionamento da cadea alimentaria, para fortalecela posición negociadora de agricultores e gandeiros e deixar de manter unha postura negacionista e pouco aberta a realizar propostas construtivas de mellora, tal e como leva declarando o Conselleiro durante toda a fase de anteproxecto. Esta nova norma incorporará ó dereito, a Directiva sobre prácticas comerciais desleais no sector agroalimentario para reequilibrar a cadea e promovela transparencia na formación de prezos e prohibirá a venda por debaixo do custe de produción e a destrución do valor dos produtos ó longo da cadea. Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumprimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforzala posición negociadora de tódolos chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións. Débese conformala cadea de valor agroalimentaria de abaixo cara arriba, evitar prácticas desleais na contratación agroalimentaria, aumentalos supostos nos que é obrigatorio consignar por escrito as relacións contractuais do sector para gañar seguridade xurídica e amplialo catálogo de

prácticas desleais a evitar na contratación agroalimentaria. A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente que vele polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubrir os custes de produción, para os que se debería constituír unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego. Na Galiza queremos moitas granxas producindo alimentos con persoas que poidan vivir dignamente do seu traballo, con capacidade de poñer o noso rural en valor e ser a forza tractora da multifuncionalidade do noso campo, nun modelo sostible que se retroalimente convertendo os profesionais do agro en verdadeiros garantes do mantemento e coidado do noso entorno natural. Todo isto con retribucións xustas e servizos de calidade para os habitantes do rural. Por isto dende o Grupo Provincial do BNG presentamos a seguinte proposta de acordos: 1. Instar á Xunta de Galiza a promover un Foro de encontro, debate e negociación arbitrado e moderado pola Conselleira de Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados: produtores, e produtoras; cooperativas, industria e especialmente distribución. 2. Instar á Xunta de Galiza á mobilización de terras para ampliar a superficie das explotacións agrogandeiras, en concreto, 100.000 hectáreas de superficie agraria útil de aquí ao 2030, o que tamén permitiría que o sector tivese máis axudas da PAC, pois o factor da extensión da explotación xoga a favor. 3. Instar ao Ministerio a crear mecanismos oficiais para o establecemento de custos de referencia e prezos xustos: Demandar do goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios, a creación dun sistema de mediación de contratos agrarios e gandeiros ao nivel de cada comunidade autónoma, actuacións inmediatas diante de calquera vulneración da Lei da Cadea Alimentaria, nomeadamente os pagos a prezos por embaixo de custe de produción e demandar o cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria por parte da grande distribución, vixiando que os prezos de venda ao público non desequilibren a cadea e permitan cubrir os custes de produción e remunerar o traballo. 4. Demandar da Xunta e do Goberno do Estado en cumprimento da lei da Cadea Alimentaria, a obrigatoriedade de facer garantir a inclusión das subas de custo de produción e a prohibición de prezos que supoñan para o sector produtor a venda a perdas. 5. Demandar á conselleira do Medio Rural que convoque a “Mesa do Leite” de xeito inmediato. 6. Demandar da Xunta de Galiza que en

colaboración coa Deputación de Ourense establecer un programa de axudas directas ós sectores gandeiros produtivos primarios da carne en Galiza, de xeito urxente e a curto prazo, orientadas a paliar as perdas producidas pola Covid-19 e a garantir a continuidade das granxas, moitas delas situadas en zonas desfavorecidas e de alta montaña. 7. Demandar da Xunta de Galiza activar estas axudas, autorizando un pago adicional por becerro sacrificado vinculado a vaca nutriz que permita equilibrar os prezos; ou ben facendo un pagamento directo por vaca nutriz ou por granxa, para deste xeito asegurar que se está a pagar directamente a quen cría os becerros. 8. Demandar da Xunta de Galiza que en colaboración coa Deputación de Ourense elabore un plan estratéxico de comercialización dos produtos de proximidade e de calidade a través das plataformas electrónicas e baixo a modalidade online ou de venda directa. Faise necesario formar e capacitar a estes pequenos/as gandeiros nas ferramentas TIC para salvar a fenda dixital cada día máis enorme no noso rural, e tendo en conta a estrutura demográfica con titulares de idade avanzada á fronte deste tipo de explotacións gandeiras. 9. Demandar da Xunta de Galiza que en colaboración coa Deputación de Ourense deseñe e poña en práctica un programa de estratexias na innovación tecnolóxica nas granxas de produción de carne, como a investigación en materia de elaboración de novos produtos elaborados, envases con novas técnicas de conservación, busca de novos mercados exteriores (acordos para fomento da internacionalización), fomento da programación de partos co fin de desestacionalizar a produción e adecuar a produción á demanda real. É preciso asegurar unhas condicións de viabilidade técnica e económica na incorporación de novos mozos/as á actividade gandeira de produción de carne, así como no relevo xeracional ao fronte das granxas existentes. 10. En pro da competitividade e da eficiencia enerxética, instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a establecer unha Tarifa Eléctrica Galega que permita abaratar custos nun País rico en electricidade. Non ten sentido que o rural galego sume 4.500 aerogeradores sen recibir ningún beneficio sobre a factura da luz, que cada vez é máis cara mentres o lobby eléctrico engorda beneficios.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para sinalar que estamos máis diante dun manifesto que dunha moción política, e que se trata dun texto que non ten encaixe nas competencias desta Deputación, senón a nivel autonómico ou estatal, e sempre condicionado a que a maior parte da normativa procede da UE. Sinala que hai dous días foi aprobada a Lei da cadea alimentaria que tenta atallar algún dos problemas que se citan na moción, se ben esta lei vai ter unha eficacia moi limitada xa que estamos nunha economía de

mercado onde o intervencionismo é practicamente nulo. Polo exposto pon en dúbida que esta moción se teña que debater nesta Deputación provincial, e que este tipo de políticas como as que se propoñen na moción achéganse ao comunismo, polo que sinala que o seu voto será en contra destas políticas intervencionistas.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que cando leu a moción viñéronlle á cabeza dúas cuestións, por un lado a extensión do texto da moción, e por outro que non existe síntese nin na exposición de motivos nin nas propostas de acordo. Indica que está totalmente de acordo co seu título, en defensa dos produtores do sector primario, se ben ao ser tan longo resulta moi difícil asumir todo o que contempla. Engade que moitas das cuestións da moción poden ser solucionadas pola reforma da Lei da cadea alimentaria, pero que esta necesita un certo percorrido para ver a súa eficacia. Como novidade, recolle a prohibición expresa da venda á perda, e incorpora a normativa comunitaria nesta materia en defensa dos produtores. Engade que esta lei é froito do consenso con todos os sectores produtivos e coas cadeas de distribución, a expensas de comprobar no tempo a efectividade das medidas que contén. Sinala que agora toca ser esixentes no cumprimento desta lei, e nesa liña reforzouse o papel da axencia estatal competente do seu control e dependente do Ministerio. Polo que respecta á Xunta de Galicia, esta non fai máis que “botar balóns fora”, e que o Partido Popular só busca un titular e buscar a un terceiro, neste caso ao Estado, para tapar a súa incapacidade, lembrando que cada ano se pechan preto de 600 explotacións en Galicia e se abandonan máis e máis terras que eran explotadas. Lembra que a Xunta leva varios anos desmantelando as oficinas de extensión agraria e que recentemente se presentou o Plan estratéxico para o sector agrario sen contar coas organizacións agrarias e sen darlles marxe de participación. Por todo o exposto sinala que o seu grupo se vai abster na votación desta iniciativa política.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Comeza a súa intervención indicando que estamos ante un documento moi extenso e que abarca cuestións de natureza moi diferente e que exceden as competencias desta Deputación. Sinala que estamos ante unha moción que só se entende desde debates con argumentos dos diferentes partidos políticos e que non procede nesta cámara, polo que debemos fuxir deste tipo de debates. Por suposto que todos os partidos defendemos ao noso sector primario e aos produtores deste sector, se ben seguramente con diferentes solucións aos problemas existentes. Sinala que desde a Deputación se dan pasos e se toman medidas para poder mellorar o noso sector primario, lembrando que co intento de

trasladar a innovación a este sector, se cofinancia o Centro de innovación da FP en Ourense, e se deron axudas a este sector como por exemplo durante a pandemia. Polo indicado sinala que non debemos vir aquí facer debates de argumentario e debemos centrarnos en cuestións máis concretas e que redunden nos servizos e competencias desta Deputación, polo que o voto do seu grupo vai ser en contra.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comezando nesta quenda polo tema das axudas que acaba de citarse, indica que precisamente por iso unha das propostas é a creación de foros coa Xunta de Galicia xa que moitas das liñas de axuda da administración autonómica amosaron non ser moi acaídas, e en moitas delas o 95 % das granxas non podían optar a elas, polos requisitos que establecían as bases das convocatorias. Engade que en Francia, por exemplo, o sector agrario e gandeiro é hiper protexido polo Estado e se aplica igualmente e normativa da UE. Non ten sentido que poidan traerse produtos de fóra da UE sen ningún tipo de control e que compiten en condicións de desigualdade cos noso produtores, que non esquezamos que están na nosa provincia, polo que si é procedente este debate nesta cámara. Sobre a acusación de políticas intervencionistas, lembra que EEUU que é o paradigma do capitalismo, é o país que máis dopa aos seus produtores por consideralo un sector estratéxico. Engade que tamén aquí debería ter un papel o INORDE, especialmente no agro desta provincia, desde o Centro Agrogandeiro. Remata dicindo que se trata de poñer enriba da mesa cuestións que afectan directamente ao rural galego e ao rural da nosa provincia, e que non podemos permitir que esta siga devecendo.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza indicando que a referencia a Francia e ao seu intervencionismo non é a máis axeitada, xa que existen denuncias por iso diante da UE. Indica que o grupo socialista non é o indicado para dar leccións de ética, cando os concellos gobernados por este partido están a contratar a empresas consultoras cuxos administradores son afiliados e ex altos cargos deste partido. Para rematar sinala que estamos a vivir unha crise agravada coa suba do prezo das materias primas, do prezo da luz, da enerxía, e que algo ten que ver o papel do goberno social comunista do Estado. Polo exposto sinala que as políticas da esquerda nunca crearon riqueza en ningún país e que en España por desgraza o estamos a vivir nestes anos.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para manifestar que non todos os grupos desta Deputación teñen representación nos parlamentos autonómico ou estatal, como é o caso de DO, aínda que agardan tela pronto.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda de intervención sinala que a reforma da Lei da cadea alimentaria prevé expresamente que o ámbito de aplicación da propia lei o sexa cando os operadores sexan incluso fóra do ámbito da UE, polo que insiste en que esta norma supón un importante paso adiante, moi positivo e que hai que darlle certo tempo para comprobar a súa repercusión e aplicación. Remata indicando que o seu grupo se vai abster na votación desta iniciativa política do grupo do BNG.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): Insiste en que se trata dun asunto e dunha moción que excede claramente o ámbito de competencias desta Deputación, e que debера ser tratado e consensado, na medida do posible, noutras cámaras e noutros foros.

- quenda de peche de Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda de intervención sinala que recentemente na Deputación de Lugo se debateu unha moción similar e cun posicionamento moi diferente do grupo popular. Indica que a reflexión que debe quedar enriba da mesa nunha provincia como a nosa, con moito peso para o sector primario, aínda que cada vez devecendo máis, debemos apoiar máis que nunca aos nosos labregos e gandeiros polo valor engadido que teñen estes produtos e que contribúen a coidar o noso medio ambiente e o noso territorio.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Jorge Pumar) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9).

14º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

15º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de novembro de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE):

Preguntas: A estación de montaña de Manzaneda iniciou a tempada de neve o sábado 27 de novembro. Nesa data, as balsas do sistema de innivación artificial non estaban nin á metade da súa capacidade. De terse dado as condicións térmicas axeitadas, non habería auga suficiente para innivar a superficie da estación coas condicións previstas no proxecto. Dado que a Confederación Hidrográfica autorizou un caudal concesional máximo anual de 174.960 M3, e as balsas poden amorear 38.000 M3 entre as dúas, ¿Cal foi o motivo de que non se enchesen as balsas ao longo de todo o ano 2021 para telas dispoñibles ao 100% ao inicio da tempada de esquí 2021-2022? Logo das reparacións ás que foron sometidas as membranas impermeabilizantes das balsas, ¿átópanse xa en condicións de uso?. ¿Pódense encher ata a cota prevista no proxecto? De non ser así, ¿por qué? En agosto do ano 2016 foi redactado pola empresa Diagrama Ingeniería Galicia SL o proxecto de execución de obra denominado: “innivación artificial en la estación de esquí de Manzaneda”. O dito proxecto serviu de base para a execución das obras nas que se instalaron os 29 canóns innivadores e se construíron as dúas balsas con capacidade para 13.000 M3 e 25.000 M3. Segundo a memoria do proxecto de execución da obra, “La capa superior de tierra vegetal se retirará previamente y será acopiada en las inmediaciones de la zona de obras, para ser reutilizada en las mismas como cobertura de la zona excavada y terraplenada. De esta manera se garantizará la rápida regeneración de la vegetación y se minimizará el impacto que estos movimientos de tierras pudieran producir sobre el medio ambiente”. Segundo o informe emitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, relativo ao estudo de impacto ambiental, a execución da obra de innivación considerábase viable establecendo, entre outras, as seguintes medidas: Nos movementos de terras, deberase preservar o horizonte orgánico superficial para a recuperación das zonas de desmonte e terraplén. As zonas deberán ser revexetadas con materiais de preproducción propios da mesma procedencia local. Para os materiais sobrantes da escavación deberase presentar documentación complementaria con cartografía con suficiente grao de detalle para poder determinar as afeccións sobre os valores naturais do espazo e a súa posterior autorización. No proxecto de execución da obra había unha partida para aporte e estendido de terra vexetal, destinada a rexenerar 10.480 M2 de terreos. Na Declaración de Impacto

Ambiental (DIA) formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia, de data 17 de abril de 2017, establécense como preceptivas as seguintes condicións ambientais para a execución da obra: Protección do solo e infraestruturas: Os sobrantes de terras que se producirán nas obras deberán ser xestionados axeitadamente para minimizar as afeccións ao medio e dispoñer, en todo caso, dos correspondentes permisos para o seu depósito. Neste sentido deberán elaborar un estudo detallado da súa xestión no que figurará a cantidade, destino, cartografía das zonas de depósito (temporais e definitivos), grao de afección aos valores presentes nesa zona de acordo co indicado no epígrafe: Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais desta DIA. Tanto as zonas perimetrais ás balsas como unha zona de aproximadamente 1 hectárea entre a pista denominada Paso Perdices e as pistas Fontefría e Xabarín atópase totalmente descuberta, coa súa superficie en forma do árido extraído dos movementos de terras das obras, sen manto de terra vexetal e sen vexetación ningunha, nun avanzado proceso de erosión. Tamén depositou un importante volume de rochas de gran tamaño no espazo localizado entre a zona de pistas do Pluviómetro e a pista do Regato, supoñendo un perigo engadido para os esquiadores que circulen por esa zona. ¿Vaise cumprir tanto co previsto no proxecto como coas preceptivas obrigas estipuladas na Declaración de Impacto Ambiental no relativo á protección do terreo? ¿Vaise manter ou vaise retirar a morea de pedras depositadas entre a zona do Pluviómetro e a pista do Regato? ¿Dispúxose dos correspondentes permisos para o depósito dos materiais extraídos no proceso de execución da obra? Protección fronte o cambio climático: De acordo co indicado polo promotor, para compensar as emisións previstas pola implantación do proxecto e a afección sobre a zona arborada, levarase a cabo unha plantación de árbores no entorno da Estación de Montaña de Manzaneda. Para iso, antes do inicio da explotación, deberá elaborar unha proposta de plantación, que será obxecto de seguimento no programa de vixilancia, e na que se deberá indicar o número de árbores afectadas polo proxecto para logo efectuar as plantacións que, como mínimo serán de dúas veces o número de árbores afectadas polo proxecto.... Terase que garantir a viabilidade de como mínimo o 95% das árbores, así como a perdurabilidade no tempo, como mínimo durante 30 anos. ¿Levouse a cabo a plantación de 2 exemplares de árbores por cada árbore afectada polo proxecto?. De ser así, ¿Cal e a localización da plantación?, ¿cantos exemplares se plantaron?, e, ¿cal e o seu estado a día de hoxe? Previo ao inicio das obras, o promotor debería entregar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para a súa aprobación a seguinte documentación: o proxecto definitivo, cartografía detallada da

localización dos depósitos dos sobrantes das terras procedentes das escavacións, plan de recuperación das zonas afectadas polas obras e das medidas compensatorias, plan de restauración e integración paisaxística. MEISA como promotora da obra, ¿entregoulle á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a totalidade da documentación requirida? Para asegurar a naturalización dos muros de contención das balsas de auga, en lugar de confiar na revexetación espontánea, deberán levar a cabo plantacións ou sementeira das especies autóctonas correspondentes. Os muros de contención das balsas están tal e como quedaron ao remate da obra, sen ningún tipo de tratamento. ¿Cando se van levar a cabo os labores de naturalización dos muros de contención das balsas? Todas as superficies afectadas ou deterioradas pola execución das obras deberán ser restauradas e revexetadas en toda a súa extensión co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal. Nos movementos de terras, deberase reservar o horizonte orgánico superficial para as zonas de desmonte e terraplén. As zonas deberán ser revexetadas con materiais de reprodución propios destas e procedencia local. ¿A contrata, amerou nalgún punto da Estación de Montaña ou fóra dela a capa denominada horizonte orgánico superficial?. De ser así, ¿Cando se vai estender para restaurar as zonas degradadas pola obra? En relación coas balsas de almacenamento de auga, procurarase reducir o impacto visual mediante a plantación de especies autóctonas (acivro e breixo) ao bordo da valla perimetral. A día de hoxe as balsas non dispoñen de ningunha protección que mitigue o seu impacto visual. ¿Cando se vai proceder á plantación, onde sexa posible, das especies autóctonas ao bordo da valla perimetral, tal e como preceptivamente estipula a Declaración de Impacto Ambiental? Tanto na fase de obras como na de explotación, o promotor deberá levar a cabo, a través de entidade acreditada o plan de seguimento do nivel de ruído proposto no EsIA. Os plans de restauración e integración paisaxística serán obxecto de especial seguimento no programa de vixilancia e seguimento ambiental. Incluirase un plan de control do correcto funcionamento da rede de drenaxe para evitar fenómenos erosivos. O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración, coa supervisión da persoa responsable do control do cumprimento da DIA. ¿Redactáronse os plans de seguimento de ruído, de restauración e integración paisaxística e de correcto funcionamento da rede de drenaxe, segundo establece a DIA? ¿Estanse presentando os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental

debidamente asinados ante a Xunta de Galicia? ¿Quen é a persoa responsable do cumprimento da DIA? Logo do inicio da explotación do sistema de innivación, o promotor deberá achegar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e posteriormente con carácter anual, un informe en fase de funcionamento co seguinte contido mínimo: Resultados do seguimento do nivel de ruído, do control do funcionamento da rede de drenaxe, do seguimento da calidade das augas, do seguimento das medidas de protección da pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares protexidos, Informe con reportaxe fotográfica cos resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, especies invasoras, estudo e seguimento do efecto que ten a neve artificial sobre a cuberta vexetal da zona de innivación e seguimento da plantación. ¿Presentouse, e estase presentando o informe en fase de funcionamento coa periodicidade e coa totalidade dos contidos establecidos pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia?

Logo dun procedemento falido de licitación en libre concorrència do contrato de xestión integral das instalacións da Estación de Manzaneda, vai facer un ano que puxeron á fronte das instalacións á empresa Artabria Turismo. Segundo vostedes mesmos dixeron, era “unha solución de transición”. ¿Vaise volver sacar a licitación a xestión de Manzaneda?. De ser así, ¿Estase a traballar nos pregos, ou serán os mesmos que os do último procedemento?, ¿Cando estima que se sacarán a concurso? Despois de 40 anos, os dous concellos nos que se asentan as instalacións da Estación de Montaña, A Pobra de Trives e Manzaneda foron expulsados do Consello de Administración de MEISA pola Xunta de Galicia e pola Deputación Provincial de Ourense porque eran incómodos neses postos. Expulsando aos alcaldes, que son os primeiros interesados en que a Estación funcione, están vostedes expulsando de MEISA a transparencia. ¿Van vostedes volver a integrar no Consello de Administración aos concellos da Pobra de Trives e Manzaneda? Nestes últimos anos, o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE fixo varias peticións á Presidencia desta Deputación solicitando diversas informacións sobre a xestión de MEISA e o acceso ao expediente das obras de innivación artificial da estación de montaña de Manzaneda. Entre outras respostas dadas por parte do Sr. presidente, hai unha de data 21 de setembro de 2020 na que se nos indicou que “o expediente mencionado se lle debía requirir ao Consello de Administración de Meisa”. Con data 5 de setembro de 2020 dirixiuse un escrito ao Consello de Administración de MEISA coa solicitude de acceso ao expediente mencionado, sendo enviado o dito escrito ao correo oficial desta Deputación da Sra. secretaria

do dito Consello de Administración. Logo de 15 meses e de que neste medio se realizase algunha xuntanza do Consello de Administración de MEISA, e logo de que en varias ocasións nas que foi reiterada a mesma petición neste Pleno e de que o Sr. presidente nos respondera que “tomaba nota”, non recibimos nin a información solicitadas nin a autorización de acceso ao expediente. MEISA é unha sociedade participada maioritariamente pola Xunta de Galicia e pola Deputación Provincial de Ourense, sumando entre as dúas administracións máis do 99% das accións. Para a transparencia da que tanto se presume nesta institución e á que a poboación da provincia de Ourense ten dereito, ¿Váíselles permitir aos deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG- PSOE acceder ao expediente das obras de innivación da Estación de Montaña de Manzaneda? De ser a resposta afirmativa, ¿En que data? ¿Váísenos proporcionar a copia do contrato, incluíndo a última prórroga adoptada da xestión hoteleira da Estación de Montaña en favor da empresa OCA hoteles? ¿Váísenos proporcionar unha copia da denuncia presentada no seu día por un membro da sociedade MEISA contra un acordo adoptado a finais de 2017? ¿Váísenos proporcionar copia da sentenza do Xulgado de Ourense que declarou nulo o acordo adoptado a finais de 2017 para a prórroga dese contrato en favor de OCA hoteles?.

A Presidencia contesta que na liña do contestado en preguntas anteriores, trasladouse a petición ao consello de administración de MEISA e que agarda que ao longo do mes de xaneiro se lle dea resposta. Respecto á derradeira cuestión relativa á sentenza, indica que se trata dunha sentenza pública, e da que se procederá a facilitar unha copia ao remate do pleno.

Por último Aurentino Alonso realiza o rogo de que se melloren as cámaras webs dispoñibles en Manzaneda, xa que non están operativas cando hai choiva ou ventisca.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE):

Pregunta, en relación ao vehículo matrícula 0572LJR que se atopaba no patio interior desta Deputación Provincial de Ourense o pasado 26 de novembro de 2021, e tamén, segundo a súa información, sobre os 4 vehículos híbridos cedidos polo Grupo Breogán para ser empregados durante a realización da Mobile Week Ourense, para traslado de relatores e actos de representación, ¿Cales foron as viaxes que fixeron este vehículos e os quilómetros totais? ¿Quen foron as persoas que usaron estes vehículos? ¿Quen foron os condutores destes vehículos? ¿En que documento se formalizou a prestación deste servizo ou “cesión”? ¿Cales foron os custos totais do uso destes vehículos (combustible....etcétera)? ¿Quen pagou estes gastos? No caso de que fosen aboados por esta Deputación Provincial de Ourense, ¿en que

aplicación orzamentaria se recollen estes gastos?

A Presidencia contesta dando lectura ao escrito remitido polo director de operacións da Mobile Week Ourense no que indica que non existe un rexistro de viaxes, xa que os vehículos estiveron a disposición da organización, que os coches foron empregados por persoal e relatores da Mobile Week Ourense e Rede Mundo Atlántico, que a prestación deste servizo se formalizou nun documento entre Rede Mundo Atlántico e o grupo Breogán como propietario dos vehículos e que os custos foron asumidos exclusivamente por Rede Mundo Atlántico.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Procede a formular un rogo, e para isto dá lectura a un informe xurídico remitido pola asesoría xurídica de MEISA no que se indica que “...MEISA invitó a quien resultó adjudicataria, que cumplía los requisitos de capacidad y solvencia y respetaba las condiciones establecidas en el pliego de licitación previo...”, e que precisamente ese cumprimento das condicións do prego é a dúbida que poñen de manifesto, polo que roga que os servizos técnicos da Deputación poidan aclarar esta cuestión.

Outro rogo que formula é que se poña a disposición do seu grupo o estudo e informes sobre as análises termais que se teñen realizado no predio do Pazo provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/OumxRUPfsbKM68PEvsLd5081DiGeoFSZztTsdanriTU4OFRP.wmv>

SHA512

8fdf36f2a226caee34b56de9ed29509e7058a44dd271811632fe0e025be57b2107fc88e
9152ff8f89daf72d969200c76f7872131d60b5394a48d8ee9d0f52a3d

E, ás 13.26 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

